



GUÍA DIDÁCTICA

para profesorado



Proxecto creado polas profesoras Ana Garnelo Calvo e María Romero Pedreira durante unha licenza de formación no curso 2023-24.

Está protexido por unha **licenza CC-BY-SA**

ÍNDICE

1. DESCRICIÓN DO RECURSO	2
2. OBXECTIVOS	3
3. CONTIDOS	4
4. METODOLOXÍA	8
5. AVALIACIÓN	8
6. FONTES	8

1. DESCRIPCIÓN DO RECURSO

O proxecto *O detective Selva e os misterios de Santiago* preséntase nun paquete SCORM, compatible con plataformas como Moodle, co propósito de que estea dispoñible para calquera comunidade educativa.

Consiste nun xogo virtual detectivesco baseado na lectura de textos interactivos e realización de actividades. Está orientado para estudantes de 4º ESO e 1º de Bacharelato no ámbito da materia de Lingua castelá e Literatura.

O primeiro caso, titulado ***El rayo de luna*** está centrado na unidade do **Romanticismo**. Neste caso o alumnado deberá investigar a desaparición do fillo de Rosalía de Castro e Manuel Murguía. Para resolver o misterio deberán ler as pistas e ir tomando as súas notas. Porén, a súa relación cos contidos obrigatorios (e a súa avaliación) estará condicionada polo desbloqueo de pistas mediante a realización de actividades como cuestionarios, roscos, desafíos, encrucillados, etc. Deste xeito obterán o contrasinal necesario para poder ler a información.

No segundo caso, titulado ***El corazón del sueño***, centramos a investigación na unidade da **Xeración do 27**. O alumnado deberá investigar sobre o asasinato dun crítico literario compostelán ficticio. Na procura do culpable, coñecerán a destacados escritores, pintores e políticos galegos, ademais de coñecer as anécdotas das estancias de Federico García Lorca en Santiago. Deberán ler as pistas noveladas e deducir a información implícita, así como facer as actividades relacionadas coa xeración do 27, as vangardas artísticas ou o grupo das ***Sinsombrero***.

Cada un dos casos trae actividades complementarias que afondan no papel da muller na época ou inclúen material audiovisual adicional (podcast, visualización de documentais...)

Mais, como comezar a realizar a actividade? En primeiro lugar deben ler un texto introdutorio. Este dará información sobre a vítima, o escenario, as posibles testemuñas ou calquera pista que lle poida servir ao equipo de investigación, formado por grupos de entre tres ou catro persoas. Vai acompañado dun vídeo breve que servirá para ambientar a historia e presentar aos personaxes, facendo ademais máis accesible a información a todo tipo de

alumnado. Dende aquí os equipos serán libres de abordar o caso como prefiran. Incluíuse un recadro con algunhas suxestións para que saiban por onde empezar a investigar. Para resolver o caso dispoñerán de:

1. Mapa interactivo que representa a cidade de Santiago de forma simplificada. Por razóns prácticas divídese en **5 barrios** (noroeste ou **NO**, noreste ou **NE**, **Centro**, suroeste ou **SO**, e sureste ou **SE**). Cada barrio contén números que se corresponden coas direccións da xente á que se pode interrogar.

2. Actividades relacionadas: Unha batería de actividades de creación propia que levan dende test con imaxes ata sopa de letras, sempre en relación co contido traballado.

3. Xornais da época dixitalizados e modificados para esconder pistas con información relevante.

4. Informantes de creación dixital aos que poderán acudir en procura de axuda. Moitos deles formarán parte da historia das nosas letras e outros son de creación propia.

5. Guía de Santiago: na que se incluírán por orde alfabética unha lista de direccións de xente ficticia que vive en Santiago. Así, para visitar a algún sospeitoso, hai que buscar o seu nome na guía de Santiago para saber en que número do mapa se atopa (**exemplo 1 SE**). Cando se pulse ese número do mapa poderase ler a información que contén e decidir como seguir a investigación. Algúns números do mapa solicitan un contrasinal. Para obtela hai que facer a actividade indicada.

Este proxecto permite a cooperación interdepartamental, pois en moitos aspectos tocaranse aprendizaxes doutras materias: Xeografía (na localización de puntos estratéxicos das cidades) Historia (lectura de acontecementos relevantes) ou mesmo Historia da arte (na estreita relación entre cadros, edificios relevantes, pintores e artistas do momento...).

2. OBXECTIVOS

- Fomentar a interrelación de coñecementos e entender a literatura como un proceso creativo no que o discente poida construír a súa propia

historia.

- Crear material interactivo e audiovisual que permita invertir a clase e gamificala.
- Dotar ao alumnado dunha ferramenta multimedia que atenda aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe para desenvolver as súas competencias básicas.
- Fomentar o traballo cooperativo e autónomo.
- Coñecer o contexto histórico, os autores máis relevantes e as características de dous movementos literarios: Romanticismo e Xeración do 27.
- Traballar a comunicación oral e escrita, con textos multimodais de distintas tipoloxías textuais (narrativos, descritivos, dialogados, xornalísticos, expositivos...).
- Valorar as contribucións das mulleres á literatura.
- Entender a estreita interrelación e influencia mutua entre a literatura galega e castelá.

3. CONTIDOS

Caso	Título	Unidade	Contido	Sesións	Competencias
1	<i>El rayo de luna</i>	O movemento romántico en literatura. Bécquer e Rosalía	- Lectura de autores seleccionados. - Interpretación de textos románticos. - Coñecemento de metros e estrofas. - Análise e lectura guiada en diferentes formatos. - Organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.	6	CCL CP CD STEM CPSAA CC CE CCEC

			-Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica.		
2	<i>El corazón de sueño</i>	Vanguardas poéticas do XX. Xeración do 27 e as Sinsombrero	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura de autores seleccionados. - Interpretación de textos poéticos destacados da Xeración do 27. - Achegamento ás distintas formas artísticas de vangarda. - Coñecemento de metros e estrofas. - Análise e lectura guiada en diferentes formatos. - Organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos, etc. -Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica. 	6	CCL CP CD STEM CPSAA CC CE CCEC

A continuación detállase nunha táboa cada unha das dez actividades que inclúe cada caso literario, relacionando o mesmo cos obxectivos da materia e explicando o formato de pregunta/xogo interactivo que realizará o alumnado. Cada un dos casos leva propostas de actividades de ampliación e reflexión en valores.

Caso	Actividades	Obxectivo	Formato
1	Actividade 1: <i>Que cadro representa a estética romántica?</i>	Familiarizarse con outras disciplinas e relacionar arte e literatura.	Visualización de obras e preguntas en tipo test.
	Actividade 2: <i>Lenda “O monte das ánimas”</i>	Ler a lenda e extraer tema, intención e trazos do Romanticismo.	Pregunta de resposta curta. Sopa de letras.

	Actividade 3: <i>Poema narrativo “O estudante de Salamanca”</i>	Ler o poema e extraer tema, intención e trazos románticos. Atopar figuras e métrica.	Escoita activa do poema para métrica e ritmo. Pregunta curta.
	Actividade 4: <i>A canción do pirata</i>	Ler o poema e extraer tema, intención e trazos románticos. Atopar figuras e métrica.	Escoita activa do poema para métrica e ritmo. Pregunta tipo test.
	Actividade 5: <i>Rimas de Bécquer</i>	Ler as Rimas, extraer o seu sentido e repasar recursos e tópicos literarios.	Escoita activa do poema para métrica e ritmo. Ordenar sucesos relatados no poema.
	Actividade 6: <i>O movemento romántico: teatro, novela e prosa.</i>	Coñecer como se manifestou o Romanticismo nos tres grandes xéneros literarios e familiarizarse cos autores máis significativos.	Rosco de palabras.
	Actividade 7: <i>As meigas. O bosque animado</i>	Lectura comprensiva do texto. Uso de diccionario.	Desafío, resposta múltiple.
	Actividade 8: <i>Lenda “O raio de lúa”</i>	Lectura comprensiva do texto. Dedución de trazos románticos e características.	Desafío, resposta múltiple.
	Actividade 9: <i>Don Juan Tenorio</i>	Lectura dun fragmento de <i>Don Juan Tenorio</i> . Aproximación ao teatro romántico.	Desafío, resposta múltiple.
	Actividade 10: <i>A prensa e os diarios</i>	Aproximación á prensa e as súas características de estilo. Dedución de información implícita. Coñecer o contexto da época.	Lectura comprensiva. Resposta única.
	<i>Proposta para grupos 4 persoas: Facer unha redacción acerca dun dos temas propostos.</i>	Coñecer as características dos textos periodísticos, en concreto da noticia, e reflexionar acerca da discriminación histórica da muller.	Proposta de temas para redacción e rúbrica para avaliála.
2	Actividade 1: <i>Vangardas artísticas</i>	Familiarizarse con outras disciplinas e relacionar arte e literatura. Entender o sentido das obras.	Visualización de obras e preguntas en tipo test.
	Actividade 2: <i>“Seis poemas</i>	Ler poema seleccionado. Coñecer a lírica de Lorca	Lectura comprensiva e preguntas tipo test.

	<i>galegos</i> ”de Federico García Lorca	e a súa vinculación coa literatura galega.	
	Actividade 3: Poesía neopopular: “O Romancero Xitano”.	Ler poema seleccionado. Coñecer a lírica de Lorca e saber identificar tema, características e métrica do poema.	Ordenar os sucesos contados no romance. Xogo: adiviña a palabra escondida.
	Actividade 4: A xeración do 27	Coñecer as características, etapas e autores destacados.	Xogo: tarxetas de memoria con obras e autores.
	Actividade 5: A casa de Bernarda Alba	Ler un fragmento teatral. Coñecer aos personaxes e identificar as características xerais da obra.	Identifica que personaxe fala. Rosco de conceptos acerca da obra.
	Actividade 6: Luis Cernuda e Vicente Aleixandre en dous poemas	Ler poemas seleccionados. Coñecer a lírica de Cernuda e Aleixandre e saber identificar tema, características e métrica dos poemas.	Preguntas tipo test e desafío.
	Actividade 7: Poesía social e guerra civil: Rafael Alberti e Miguel Hernández	Coñecer o contexto histórico e político da época e familiarizarse coa poesía social.	Preguntas tipo test.
	Actividade 8: A prensa e o diarios	Coñecer á prensa e as súas características. Deducir información implícita.	Preguntas tipo test e de resposta curta.
	Actividade 9: As Sinsombrero	Coñecer o grupo feminino do 27. Lectura comprensiva de poema seleccionado. Proposta: visualización do documental.	Sopa de letras.
	Actividade 10: Lorca e Buñuel. Poeta en Nova York. Os poemas premonitorios.	Coñecer a poesía e o cine surrealista. Proposta: documental como ampliación.	Preguntas tipo test.
	Proposta para grupos 4 persoas: Facer unha redacción acerca dun dos temas propostos.	Coñecer as características dos textos periodísticos, en concreto da crítica, e reflexionar acerca do papel da muller na literatura.	Proposta de temas para redacción e rúbrica para avaliála.

4. METODOLOXÍA

Todos os contidos seguirán **os principios DUA** para adaptalo á diversidade do alumnado e ofrecer múltiples enfoques que permitan unha comprensión integral. O seu uso estará recomendado para a **metodoloxía *flipped classroom*** e **gamificación** (dinámica de xogos); aínda que é tamén válido para ***blended classroom*** (método mixto) ou para alumnado con enfermidades prolongadas que non poidan asistir á clase con regularidade.

O proxecto baséase polo tanto na combinación de diferentes procesos metodolóxicos, tales como o aprendizaxe cooperativo e de resolución de problemas, o emprego do *blended learning* e metodoloxía tradicional de clase expositiva previa. Ademais, partimos dun tipo de aprendizaxe activo baseado na resolución de problemas, algo vital na vida futura dos alumnos e alumnas. Os materiais poden visualizarse tanto en ordenadores como en dispositivos móbiles, permitindo deslocalizar e ampliar os lugares de aprendizaxe.

5. AVALIACIÓN

Toda a batería de actividades creada corríxese de xeito automático, indicando número de erros e acertos. Ademais, achéganse rúbricas específicas para a valoración do traballo en grupo, da exposición oral na que se explique a resolución do caso e os pasos que se seguiron na investigación. Tamén se incorpora unha rúbrica para avaliar as redaccións propostas para grupos de catro persoas.

6. FONTES

Os feitos relatados son ficción, aínda que moitas veces teñan relación coa realidade literaria e sempre tentamos respectar anos e datas. No **Caso 2** baseamos nos datos achegados no libro *Federico García Lorca en Santiago de Compostela* (2020) de Henrique Alvarellos.